
Programa de Desenvolvemento Estratéxico
Facultade Ciencias Empresariais e Turismo

Período de validez do Programa: 2025-2027

(aprobado na Comisión de Calidade o xx/xx/xxx)

(aprobado en Xunta de Centro o xx/xx/xxx)

Índice

Presentación.....	2
Antecedentes.....	5
Diagnose da situación do centro e as titulacións	7
Misión, Visión e Liñas estratéxicas	9
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa	15

Presentación

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense (FCETOU) conta cunha longa traxectoria. Os seus inicios datan do curso 1986-1987, ofertando naquel momento a Diplomatura de Ciencias Empresariais. Hoxe en día, presenta unha ampla oferta de titulacións, tanto de Grao como de Mestrados.

Na actualidade impártense o Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE), o Grao en Turismo, tres programas conxuntos para os graos ADE - Dereito, ADE – Enxeñaría Informática e, Turismo – Xeografía e Historia, dous duplos graos internacionais impartidos entre a Hochschule Bremerhaven de Alemaña -HSBHV- e a FCETOU (Grao en ADE + Bachelor of Arts in Business Administration, Grao en Turismo + Bachelor of Arts in Cruise Tourism Management), e, un grao con especialización (Grao en Turismo + Especialización en Termalismo en Francia, entre o Instituto de Termalismo da Universidade de Burdeos -UBX- e a FCETOU). Esta oferta académica de grao complétase con tres mestrados oficiais (Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e de saúde; Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte, e Mestrado en Economía Circular), e o Doutoramento interuniversitario en Turismo.

A Facultade sempre se destacou polo seu compromiso pola innovación, a calidade e a excelencia educativa, preparando profesionais capaces de asumir retos acordes ás circunstancias existentes en cada momento. Sempre en continua interacción coa nosa sociedade e permitindo que o noso alumnado conte coa mellor formación universitaria de calidade que garanta o seu futuro laboral, en continua formación, e que lles permita afrontar os retos que se lle presenten ante unha sociedade tan cambiante.

Así pois, foi no ano 2002, a por entón a Facultade de Ciencias Empresariais, que contaba con preto de 1.500 alumnos e 80 docentes, cando se puxo en marcha o seu primeiro Plan estratéxico, que pretendía asentar uns obxectivos básicos para o seu desenvolvemento e competitividade, tendo en conta a contorna e as necesidades daquel momento.

Hoxe en día, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo conta cun destacado equipo de profesores especializados en cada un dos ámbitos disciplinarios (sendo a porcentaxe de profesores doutores para o grao de turismo do 64'44% para o curso 2023/2024 e do 56,45% para o grao en administración e dirección de empresas), e posúe unha infraestrutura e recursos necesarios para promover os obxectivos que expomos na propia misión e visión do centro.

Con todo, nun contexto de cambio, como no que nos atopamos actualmente, xunto cos actuais desafíos aos que nos enfrontamos, a necesidade de adaptación á transformación dixital, o mantemento da calidade do noso sistema a través da innovación e a investigación, a ampliación do número de titulacións, garantir o acceso a persoas con necesidades educativas especiais, a loita contra a brecha de xénero, a sustentabilidade, fan que sexa necesario a redacción do

presente programa, froito dun traballo conxunto, participativo e integrador, que nos permita identificar novas áreas de mellora e oportunidades de innovación cara á excelencia do noso centro.

Neste senso, queremos salientar que a estrutura do programa basease na guía elaborada pola Universidade de Vigo e ten en conta o marco xeral que supón o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026.

Participantes

A elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da FCETOU comezou a realizarse no ano 2023 baixo a dirección do equipo decanal precedente, participando na súa primeira fase as seguintes persoas:

- María Montserrat Cruz González (Decana).
- Alberto Vaquero García (Secretario y Coordinador do Programa Universitario de Maiores do campus de Ourense).
- Juan Manuel de los Ríos (Vicedecano de Calidade).
- Francisco Tugores Martorell (Vicedecano de Ordenación Académica).
- Francisco Javier Sánchez Sellero (Vicedecano de Estudos de Grao e Relacións coa Empresa).
- María Beatriz González Sánchez (Vicedecana de Relacións Internacionais).
- María Dolores Rivero Fernández (Coordinadora do Grao en Turismo e PCEO Turismo-Xeografía e Historia).
- Marcos Álvarez Díaz (Coordinador do Grao en Ade e os PCEOs ADE- Dereito e ADE-Enxeñería Informática).
- Mónica Villanueva Villar (PDI-Enlace de igualdade).
- José Antonio Fraiz Brea (Coordinador do Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde).
- Patricio Sánchez Fernández (Coordinador do Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte).
- Jaime Pereira Novoa (Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Ourense).
- Pilar García Novo (grupo HOTUSA).
- Alejandro Domínguez Lamela (egresado do Grao en ADE).
- Iria Juncal Suárez (egresada do Grao en Turismo).
- Pablo González González (alumnado).
- Raúl Martínez Fernández (alumnado).
- Marcelo Tejedor Rey (alumnado).
- Marta Alexandra Soares Pires (alumnado).

Durante o curso académico 2024/2025 renovouse o equipo de goberno da facultade, modificándose a composición da comisión redactora, incluíndo a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da FCETOU, á cal se incorporaron outro profesorado do centro, e representantes de grupos de interese externos de recoñecido prestixio, quedando composta da seguinte maneira:

- Jesús Vázquez Abad (Decano).
- Elisa Alén González (Secretaria accidental FCETOU- Coordinación de Calidade).
- Elena Gallego Rodríguez (Coordinadora Grao en ADE e os PCEOs ADE- Dereito e ADE-Enxeñería Informática).
- Noelia Araújo Vila (Coordinadora Grao en Turismo e PCEO Turismo-Xeografía e Historia).
- José Antonio Fraiz Brea (Coordinador do Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde).
- Patricio Sánchez Fernández (Coordinador do Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte).
- Elena Rivo López (Coordinadora do Mestrado en Economía Circular).
- Mónica Villanueva Villar (PDI -Enlace de Igualdade).
- Jerónimo Docampo Parente (PDI).
- Ana Pérez González (PDI).
- Ana Gueimonde Canto (PDI).
- Ángel Barajas Alonso (PDI).
- Ernesto López-Valeiras Sampedro (PDI).
- Nuria Rodríguez López (PDI).
- Pablo de Carlos Vilamarín (PDI).
- Francisco Reyes Santías (PDI).
- Lara Álvarez Álvarez (alumnado).
- Patricia Arrojo Munielo (alumnado).
- Natalia Outomuro Udías (alumnado).
- Jaime Roberto León Fernández (PTXAS).
- M^a Nieves Losada Sánchez (egresada Grao en Turismo).
- M^a Fernanda Mirón Parra (egresada Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde).
- Alejandro Domínguez-Lamela (egresado Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte).
- Jaime Pereira Novoa (Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Ourense).
- Pilar García Novo (Grupo Hotusa).
- María del Carmen Sampayo David (decana-presidenta do Colexio de Economistas de Ourense)

- Emilio Cuíñas Otero (Autoxiro Turismo).

Antecedentes

Os principais fitos da historia da nosa Facultade son:

Curso 1986-1987. Comeza a funcionar a Escola de Estudos Empresariais, impartíndose a Diplomatura de Ciencias Empresariais no Edificio do Antigo Hospital do Campus Universitario de Ourense.

Curso 2000-2001. Tras a concesión do segundo ciclo da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, créase a Facultade de Ciencias Empresariais, emprazándose esta no Edificio Xurídico-Empresarial situado na parte nova do Campus Universitario.

Curso 2003-2004. Comeza a impartirse a Diplomatura de Turismo e cámbiase o nome do centro a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Curso 2006-2007.

- Comeza na Facultade o proceso de implantación de novas titulacións de grao, posgrao e doutoramento xa integradas no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).
- Ponse en marcha o Mestrado interuniversitario en Dirección e Planificación do Turismo, que dous anos máis tarde se integra no Programa de doutoramento en Dirección e Planificación do Turismo. Ao abeiro deste programa de doutoramento léronse arredor de 10 teses de doutoramento.

Curso 2008-2009. Estréase o Mestrado universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa (CIDIE).

Curso 2009-2010. Póñense en marcha os Graos en Administración e Dirección de Empresas e en Turismo.

Curso 2010-2011. Implántase un novo Grao en Consultoría e Xestión da Información.

Curso 2011-2012. Comeza a impartirse o Mestrado universitario en Xestión Empresarial do Deporte, e o Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo pasa a ser Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde.

Curso 2013-2014. Comeza o Programa Conxunto de Estudos Oficiais (PCEO) en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (ADE-EI).

Curso 2014-2015. Implántase o PCEO en Administración e Dirección de Empresas e Dereito (ADE-DER). Comeza a docencia en inglés no Grao en ADE.

Curso 2015-2016. Comeza o Programa de recoñecemento mutuo de estudos: Bachelor of Arts in Business Administration (Hochschule, Bremerhaven)-Grao en ADE.

Curso 2016-2017. Implántase a docencia en inglés no Grao de Turismo.

Curso 2017-2018. Ponse en marcha o PCEO en Turismo-Xeografía e Historia.

Curso 2018-2019. Primeira promoción do Programa de recoñecemento mutuo de estudos: Bachelor of Arts in Business Administration (Hochschule, Bremerhaven)-Grao en ADE, do PCEO en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (ADE-EI) e do PCEO en Administración e Dirección de Empresas e Dereito (ADE-DER).

Curso 2019-2020. Iníciase a docencia en liña por mor da pandemia.

Curso 2020-2021. Comezo da docencia mixta (en liña e presencial) por mor da pandemia e aprobación do Programa de Recoñecemento mutuo de estudos Bachelor of Arts in Cruise Tourism Management (Alemaña)- Grao en Turismo.

Curso 2021-2022.

- Impartición do título propio Titulado/a Universitario/a en Cultura e Sociedade e inicio do proceso para acadar a mención dual do Grao en Turismo.
- Comeza o Programa de Doutoramento interuniversitario en Turismo, que permite incrementar o número de teses defendidas na Facultade.

Curso 2022-2023. Recertificación do Sistema de Garantía de Calidade da FCETOU (2022-2025).

Diagnose da situación do centro e as titulacións

Dimensión Interna

Debilidades	Fortalezas
<i>(Fan referencia ás carencias que presenta o centro ou a titulación ou aquelas dimensión na que se sitúa a nivel inferior respecto dun referente que se toma como modelo)</i>	<i>(Engloban ás capacidades, recursos, accións, etc que fai posible que o centro/ título acadase uns resultados óptimos. As fortalezas son as vantaxes coas que contamos para acadar os obxectivos estratéxicos)</i>

1. A baixa proxección cara ao tecido económico, social e cultural, que provoca un certo descoñecemento das potencialidades da FCETOU relacionadas cos estudos que se imparten no centro, e unha insuficiente presenza nos órganos de decisión e nos grupos de interese da contorna.

2. Oferta formativa insuficientemente adaptada ás necesidades do tecido produtivo e, en particular, dun mercado laboral cambiante e que demanda unha formación ao longo de toda a vida.

3. Non hai oferta de posgrao (mestrado e doutoramento) en estudos relacionados coa administración e dirección de empresas.

4. Importante caída da matrícula no grao en Turismo e no PCEO Turismo- Xeografía e Historia.

5. Existencia dun importante grao de absentismo do alumnado, incrementado tras a pandemia.

6. Reducida implicación do alumnado na actividade da FCETOU, cunha escasa participación da delegación de alumnado.

7. Baixa comunicación e interacción entre os grupos de investigación da FCETOU.

8. Reducida presenza dos grupos da investigación da FCETOU en institucións nacionais e internacionais de investigación.

9. A información que se transmite desde a FCETOU non sempre alcanza ao público obxectivo ao que vai dirixido, evidenciando estratexias de comunicación e marketing pouco eficaces.

1. O elevado número de convenios con empresas e institucións para que o alumnado poida realizar prácticas.

2. A continuidade na oferta de estudos de turismo, coa impartición de grao, mestrado e culminando cun Programa de Doutoramento interuniversitario en Turismo.

3. Un sistema de calidade ben asentado, que conta con acreditacións e selos de excelencia desde fai moitos anos.

4. A FCETOU está situada nun campus urbano (o que mellora a súa oferta de servizos) e amigable.

5. Alta participación do PDI en actividades de innovación docente.

6. Alta estabilidade laboral do PDI da FCETOU, a maior parte do cal é doutor.

7. Elevado coñecemento e uso das ferramentas de teledocencia, como apoio da docencia presencial, por parte do PDI.

8. Elevada participación do alumnado estranxeiro a través do programa Erasmus, que favorece o intercambio intercultural na FCETOU.

9. Diversidade do alumnado da FCETOU: persoas maiores, persoas con capacidades especiais, etc.

10. Alta cualificación do PDI da FCETOU a nivel investigador, tal como reflicte o importante aumento do número de sexenios acadado nos últimos anos.

11. Existencia de catro grupos de investigación na FCETOU, un deles

10. Reducido número de persoas bolseiras para a realización de tarefas de apoio informático e escaso número de horas para estas actividades.

recoñecido pola Xunta de Galicia como de referencia competitiva (GRC).

12. Importante presenza de investigadores/as da FCETOU nos medios de comunicación e con convenios de transferencia.

13. Forte interacción co Campus Auga, con representación no Comité Executivo e no Comité de Dirección.

14. Alto coñecemento do funcionamento do centro por parte do PTXAS.

Contorna externa

Ameazas	Oportunidades
<i>(Teñen que ver cos obstáculos que atopamos na consecución dos nosos obxectivos. Inciden nos nosos resultados. É importante identificar as ameazas con antelación para poder adiantar mecanismos que nos permitan evitalas ou minimizalas)</i>	<i>(Representan unha ocasión para a mellora no centro e/ou nas titulacións. Poden estar asociadas a innovacións ou cambios que poden supoñer unha ocasión para o avance, a mellora e mesmo a excelencia)</i>

1. O aumento da competencia das titulacións do centro co resto das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), en especial a perda da exclusividade do grao en Turismo como titulación pública, coas iniciativas de orixe privada (percepción de que “abren máis portas” que as da pública) e coas universidades virtuais (coa oferta formativa virtual, en xeral [MOOCS,...]) para captar alumnado.

2. O aumento da competencia cos ciclos formativos da ensinanza profesional, en particular daqueles que se imparten en modalidade Dual, que contan cun cada vez maior recoñecemento social.

3. Desaxuste crecente entre o que demanda o mercado e o que ofrecen as titulacións impartidas na FCETOU. O mercado require perfís mixtos (tecnoloxía, datos, sustentabilidade), e o ritmo de adaptación curricular é lento.

4. Menor atractivo de Ourense fronte a outras cidades galegas (A Coruña, Santiago, Vigo) como lugar de estudo, ambiente universitario e actividade empresarial.

1. Apertura do novo plan de titulacións no Sistema Universitario de Galicia (SUG) e apoio por parte do Equipo de Goberno da Universidade de Vigo para a creación de novos títulos que respondan á demanda das empresas e institucións.

2. Aumento da demanda de formación en economía circular, sustentabilidade e turismo responsable.

3. Posibilidade de ampliar a oferta formativa mediante microcredenciais ou certificados dixitais recoñecidos internacionalmente. Esta formación curta e especializada (cun enfoque máis flexible e profesionalizante) pode atraer público adulto e internacional.

4. Apoio institucional desde a Deputación e Concello de Ourense, Colexio de Economistas de Ourense e Confederación de Empresarios de Ourense.

5. Boa calidade de vida en Ourense e menor custo de vida que en outras cidades galegas (A Coruña, Santiago, Vigo).

6. Posibilidade de captar alumnado latinoamericano (incluídas persoas retornadas vinculadas á emigración), dados os vínculos culturais e idiomáticos.

-
- | | |
|---|---|
| <p>5. Reducido tamaño das cohortes de potenciais estudantes pola reducida taxa de natalidade e o alto grao de envellecemento da poboación, especialmente na provincia de Ourense.</p> <p>6. Falta de información ou percepción negativa (asóciáanse con emprego precario, dificultade de conciliación e baixa remuneración) sobre as saídas profesionais dos estudos en turismo.</p> <p>7. Burocracia cada vez máis esixente, que dificulta o incremento da cantidade e variedade da oferta formativa e prexudica a xestión fluída das titulacións xa existentes.</p> | <p>7. Participación e colaboración activa da Vicerreitoría de Relacións Internacionais, así como da Oficina de Relacións Internacionais para facilitar a mobilidade do alumnado.</p> <p>8. Aproveitamento do capital humano do profesorado externo, nacional e internacional, que visita o fai estadias no centro.</p> <p>9. Incorporación de novo profesorado pola saída de novas prazas de axudante doutor.</p> <p>10. A proximidade co Norte de Portugal abre posibilidades de investigación conxunta co PDI e os grupos das universidades situadas nese territorio. Nesta liña, poderíanse aproveitar os vínculos transfronteirizos e o capital humano para posicionarse mellor en convocatorias competitivas no marco de programas europeos (Horizon, Interreg, etc.).</p> |
|---|---|
-

Misión, Visión e Liñas estratéxicas

Misión

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (FCETOU) é un centro de educación superior comprometido coa formación integral do estudantado nos ámbitos da xestión empresarial e do turismo, orientada á excelencia profesional e á empregabilidade. Ao mesmo tempo, promove a xeración de coñecemento, a análise crítica e a investigación nestes campos, contribuíndo á comprensión da realidade económica e social, e favorecendo o progreso sustentable e a mellora da calidade de vida.

A súa acción fundaméntase nos valores recollidos no Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (2021–2026), aos que suma principios propios que definen a identidade e personalidade do centro:

- Compromiso coa igualdade e cos dereitos sociais
- Transparencia na transmisión da información e do coñecemento
- Colaboración, participación activa, diálogo e traballo en equipo
- Promoción da lingua galega
- Fomento das linguas estranxeiras e da internacionalización
- Compromiso coa sustentabilidade en todos os ámbitos da actividade universitaria

Visión

A FCETOU aspira a consolidarse como un centro universitario de referencia no ensino, na investigación e na transferencia de coñecemento, con proxección internacional e unha forte conexión coa sociedade e co tecido produtivo, tanto da provincia de Ourense como do exterior. Para acadar este obxectivo, comprométese cun desenvolvemento cualificado, innovador e responsable das súas funcións docentes, investigadoras e sociais.

Liñas e obxectivos estratéxicos da FCETOU

A partir da análise diagnóstica previa da situación da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, así como da definición da súa misión e visión como centro comprometido coa calidade, a innovación e a conexión co territorio, fórmase un conxunto estruturado de liñas estratéxicas e obxectivos de calidade orientados á mellora continua da súa acción académica, investigadora e social.

Estes obxectivos organízanse arredor de cinco grandes eixos estratéxicos que configuran a estrutura básica do presente programa:

1. Formación
2. Investigación e transferencia
3. Persoas
4. Organización e recursos
5. Relación coa sociedade

As liñas estratéxicas e os obxectivos específicos de calidade do centro, derivados deste proceso de reflexión interna, harmonízanse e vincúlanse cos obxectivos estratéxicos institucionais da Universidade de Vigo, recollidos no seu Plan Estratéxico 2021–2026. Deste modo, garántese a coherencia entre a planificación propia da facultade e o marco estratéxico común da universidade, favorecendo a coordinación e o avance compartido cara a metas institucionais de excelencia, sustentabilidade e compromiso social.

EIXO 1: FORMACIÓN

Liña estratéxica: Ampliar a proxección da oferta formativa da FCETOU, mellorar a súa calidade e adaptala ás necesidades sociais

Obxectivos estratéxicos institucionais	Obxectivos de Calidade do centro
Obxectivo 1. <i>Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna.</i>	O.F.1. Completar o ciclo formativo en Administración e Dirección de Empresas a través da ampliación da oferta de posgrao (mestrados e doutoramentos). O.F.2. Revisar e actualizar os plans de estudo, en diálogo co tecido produtivo e institucional. O.F.3. Reforzar a coordinación dos contidos das guías docentes, tanto entre materias dun mesmo curso como entre cursos, ao longo da duración das titulacións. O.F.4. Incorporar a perspectiva de igualdade, diversidade e sustentabilidade nos contidos curriculares dos graos, posgraos e formación continua.
Obxectivo 2. <i>Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado.</i>	O.F.5. Fomentar a realización de prácticas externas en empresas e institucións, asegurando a súa adecuación formativa, establecendo mecanismos de seguimento continuado e garantindo elevados estándares de calidade e aprendizaxe. O.F.6. Impulsar a realización de Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM) con aplicabilidade práctica, orientados á resolución de necesidades e retos reais do tecido empresarial, institucional e social da contorna.
Obxectivo 3. <i>Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna.</i>	O.F.7. Impulsar programas de formación continua ou ao longo da vida, orientados, ben a continuar formando a persoas egresadas, así como a complementar a formación de persoas que, procedentes de outros ámbitos de coñecemento, podan atopar nos ámbitos de ADE ou Turismo a formación complementaria que precisan.
Obxectivo 5. <i>Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.</i>	O.F.8. Fomentar a docencia en linguas estranxeiras. O.F.9. Establecer e consolidar alianzas estratéxicas internacionais que favorezan a mobilidade de estudantado e profesorado, o desenvolvemento de programas de dupla titulación ou duplo recoñecemento internacional e a realización de prácticas en contornas internacionais.
Obxectivo 24. <i>Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.</i>	O.F.10. Favorecer a implicación do estudantado na vida académica, promovendo actividades extracurriculares e recoñecemento institucional. O.F.11. Analizar as causas do absentismo ás aulas e pór en marcha accións de acollimento e seguimento personalizado do alumnado, especialmente nos primeiros cursos, co obxectivo de mellorar a súa asistencia regular e participación na actividade académica presencial. O.F.12. Diseñar e desenvolver campañas informativas que visibilicen as oportunidades profesionais dos estudos en turismo, implicando a egresadas e egresados, así como profesionais en activo, co

	obxectivo de visibilizar casos de éxito, perfís diversos e perspectivas de inserción laboral real.
Obxectivo 27. <i>Definir e pór en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostiabilidade e a atención á diversidade.</i>	O.F.13. Organizar actividades de formación e sensibilización no ámbito da lingua galega. O.F.14. Organizar actividades de formación e sensibilización nos ámbitos da igualdade e a diversidade. O.F.15. Organizar actividades de formación e sensibilización no ámbito da sustentabilidade.

EIXO 2: INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Liña estratéxica: Potenciar a capacidade investigadora da FCETOU e a súa conexión co territorio e os retos globais

Obxectivos estratéxicos institucionais	Obxectivos de Calidade do centro
Obxectivo 9. <i>Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas.</i> Obxectivo 23. <i>Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos universitarios.</i>	O.IT.1. Impulsar a transferencia de coñecemento ao tecido económico e institucional da contorna, a través de convenios, contratos e eventos comúns.
Obxectivo 21. <i>Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados.</i> Obxectivo 6. <i>Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.</i>	O.IT.2. Reforzar a visibilidade dos proxectos de investigación e transferencia da facultade a través da web institucional e das redes sociais, mediante estratexias de comunicación actualizadas e orientadas á difusión do coñecemento xerado.
Obxectivo 5. <i>Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.</i> Obxectivo 22. <i>Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da UVigo para elaborar propostas multidisciplinares competitivas no ámbito nacional e internacional.</i>	O.IT.3. Fortalecer os vínculos internacionais mediante redes de investigación compartidas, prestando especial atención á cooperación con grupos de investigación do norte de Portugal, aproveitando os vínculos lingüísticos e a proximidade territorial.

EIXO 3: PERSOAS

Liña estratéxica: Fortalecer a motivación, cohesión e desenvolvemento profesional da comunidade universitaria da FCETOU

Obxectivos estratéxicos institucionais	Obxectivos de Calidade do centro
Obxectivo 24. <i>Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.</i>	O.P.1. Ofrecer apoio á carreira docente e investigadora, especialmente no inicio e consolidación profesional. O.P.2. Consolidar un programa de acollemento dirixido ao novo PDI, PTXAS e alumnado, co obxectivo de facilitar a súa integración na vida académica e institucional da FCETOU, achegar información clara sobre os recursos e servizos dispoñibles, e promover unha incorporación activa e acompañada á comunidade universitaria. O.P.3. Impulsar o desenvolvemento das competencias e capacidades transversais do profesorado no ámbito docente, promovendo a actualización pedagóxica, a innovación educativa e o compromiso coa calidade da aprendizaxe. O.P.4. Fomentar a participación activa do PDI, PTXAS e alumnado nas actividades do centro. O.P.5. Recoñecer e visibilizar o compromiso coas actividades do centro.
Obxectivo 13. <i>Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria.</i>	O.P.6. Mellorar a comunicación interna, creando canles bidireccionais de información e consulta. O.P.7. Aplicar políticas activas de igualdade de xénero, con accións formativas, protocolos e seguimento.
Obxectivo 27. <i>Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostiabilidade e a atención á diversidade.</i>	O.P.8. Desenvolver accións de promoción da lingua galega no ensino, na xestión e na comunicación. O.P.9. Promover a diversidade e a inclusión, garantindo accesibilidade plena para persoas con capacidades diversas e colectivos vulnerables.

EIXO 4: ORGANIZACIÓN E RECURSOS

Liña estratéxica: Garantir un funcionamento eficiente e sustentable do centro, con recursos adecuados

Obxectivos estratéxicos institucionais	Obxectivos de Calidade do centro
Obxectivo 10. <i>Impulsar unha xestión administrativa eficaz máis áxil, próxima e transparente.</i>	O.OR.1. Respalda e promover a dotación de apoio técnico e administrativo especializado ao PDI, especialmente en investigación, transferencia e xestión. O.OR.2. Fomentar unha xestión eficiente dos recursos, baseada en criterios de necesidade, sustentabilidade, transparencia e impacto.

	O.OR.3. Promover a redución da carga burocrática dos procesos administrativos.
Obxectivo 11. <i>Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias.</i>	O.OR.4. Garantir o adecuado mantemento, actualización e funcionamento das aulas, laboratorios e espazos docentes, co obxectivo de asegurar condicións óptimas para o desenvolvemento da docencia e da aprendizaxe. O.OR.5. Garantir a accesibilidade física e tecnolóxica das instalacións da FCETOU.

EIXO 5: RELACIÓN COA SOCIEDADE

Liña estratéxica: Reforzar a conexión co tecido económico, institucional e social

Obxectivos estratéxicos institucionais	Obxectivos de Calidade do centro
Obxectivo 6. <i>Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.</i>	O.RS.1. Desenvolver un plan de comunicación institucional, con presenza dixital efectiva e estratexia orientada a públicos específicos. O.RS.2. Crear e dinamizar unha rede activa de egresados/as da FCETOU que favoreza o contacto profesional, a colaboración en proxectos, o intercambio de información e a orientación ao alumnado actual, fortalecendo así o vínculo coa comunidade universitaria a longo prazo.
Obxectivo 9. <i>Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social a través da cooperación con entidades públicas e privadas.</i>	O.RS.3. Incrementar a participación da FCETOU en espazos institucionais, asociacións, clústeres e foros sociais. O.RS.4. Ampliar e consolidar os convenios con empresas e entidades locais e internacionais, con foco na empregabilidade, na aprendizaxe práctica e na transferencia. O.RS.5. Potenciar a organización de eventos abertos á cidadanía —como encontros, xornadas, feiras ou seminarios— que contribúan a visibilizar a actividade do centro, favorecer o intercambio bidireccional de coñecemento, estimular o debate social e/ou promover a creación de redes colaborativas. O.RS.6. Desenvolver unha estratexia de comunicación que promova o uso da lingua galega, especialmente nos medios institucionais, redes sociais e eventos do centro.

Liña estratéxica: Desenvolver accións específicas para a captación de alumnado con talento académico, emprendedor ou creativo, promovendo a imaxe da FCETOU como un centro atractivo, innovador e con alto potencial formativo e profesional.

Obxectivos estratéxicos institucionais	Obxectivos de Calidade do centro
Obxectivo 26. <i>Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria.</i>	O.RS.7. Establecer programas de divulgación nos centros de ensino secundario, bacharelato e de formación profesional, con obradoiros, charlas e visitas guiadas á facultade, facendo

Obxectivo 6. <i>Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.</i>	fincapé nas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional. O.RS.8. Crear campañas de comunicación específicas dirixidas a alumnado fóra da provincia de Ourense, salientando os valores diferenciadores da FCETOU: calidade de vida, titulacións singulares, oportunidades de internacionalización, etc. O.RS.9. Colaborar con concursos académicos, eventos xuvenís e feiras educativas, posicionando a FCETOU como centro de referencia para estudantes con interese en empresa, economía, innovación ou turismo. O.RS.10. Reforzar a captación de alumnado internacional con talento, especialmente de países lusófonos e latinoamericanos, mediante convenios e campañas específicas. O.RS.11. Impulsar a colaboración con entidades galegas no exterior, aproveitando vínculos culturais e académicos, e favorecendo a atracción de estudantes.
---	--

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa

A elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico (PDE) para a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo foi un proceso liderado polos seus equipos directivos (2 equipos diferentes ao longo de todo o período de elaboración), seguindo o procedemento do Sistema de Garantía de Calidade DE01-05, Programación e Desenvolvemento Estratéxico (https://fcetou.uvigo.es/docs/calidade/procedementos/DE-01_IND05.pdf).

Tomando como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade, desenvolveuse un proceso colaborativo de análise e toma de decisións, que implicou a varios grupos (profesorado, alumnado, antigo alumnado, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, empregadores/as, e, organismos e institucións vinculados aos ámbitos formativos da FCETOU).

O traballo desenvolveuse en 2 fases temporais, dado que ao longo de todo o período que durou a súa elaboración, houbo un cambio de equipa decanal, e consecuentemente, tamén un cambio de comisión de calidade. O proceso iníciase no curso 2022-2023 e conclúe en xuño de 2025 coa súa validación pola Comisión de Calidade do Centro e a aprobación definitiva pola Xunta de Centro. As accións realizadas, as partes interesadas implicadas e os rexistros e evidencias que recompilan as decisións tomadas pódense ver na seguinte táboa.

Fase	Tarefa	Descrición	Responsable
25/04/2023	Constitución do grupo de traballo (1)	Constitución do grupo de traballo (1), que integra aos membros da comisión de calidade da FCETOU.	Equipo decanal (1)
Até 25/05/2023	Elaboración e discusión do 1º borrador de	O equipo decanal elabora un borrador de documento do PDE. Este amplíase e mellórase en base a suxestións e achegas dos	Equipo decanal (1) Grupo de traballo (1)

	documento do PDE. Sesión do grupo de traballo.	membros do grupo de traballo nunha reunión celebrada o 25/05/2023.	
Até 13/06/2023	Exposición pública ante membros do Grupo de traballo.	Apertura dun prazo de recollida de melloras ao 1º borrador de documento do PDE, por parte dos membros do Grupo de traballo.	Equipo decanal (1)
20/07/2023	Sesión do grupo de traballo. Recepción de suxestións e validación do 1º borrador de documento do PDE.	O grupo de traballo valora e integra as achegas recibidas ao documento. Apróbase na reunión o 1º borrador de documento do PDE.	Grupo de traballo (1)
08/11/2023 até 15/11/2023	Exposición pública ante membros da Xunta de Facultade.	Apertura dun prazo de recollida de melloras ao 1º borrador de documento do PDE aprobado no grupo de traballo, por parte dos membros da Xunta de Facultade.	Equipo decanal (1)
26/05/2025 até 28/05/2025	Solicitude de persoas voluntarias a integrarse no grupo de traballo (2).	Recepción de propostas de persoas voluntarias para integrarse no grupo de traballo para a elaboración do PDE.	Equipo decanal (2)
6/06/2025	Constitución de grupo de traballo (2).	Constitución do grupo de traballo (2), integrado por: membros da Comisión de Calidade e profesorado voluntario. O equipo decanal adapta o 1º borrador de documento do PDE ao formato suxerido pola Área de Calidade. O grupo de traballo revisa e suxire melloras ao 1º borrador de documento do PDE.	Equipo decanal (2) Grupo de traballo (2)
Até 12/06/2025	Exposición pública ante unha mostra ampla de grupos de interese.	Presentación e exposición pública do 1º borrador de documento do PDE. Apertura dun prazo de recepción de achegas dos grupos de interese (alumnado, egresados, empregadores/as e organismos e institucións vinculados aos	Equipo decanal (2)

		ámbitos formativos da FCETOU) á Xunta de Centro.	
13/06/2025	Sesión do grupo de traballo. Recepción de suxestións e validación	O equipo decanal presenta o 2º borrador de documento do PDE que incorpora tanto as achegas do grupo de traballo como as achegas dos grupos de interese. O grupo de traballo valora, discute e aproba este 2º borrador.	Grupo de traballo (2)
13/06/2025 até 27/06/2025	Exposición pública ante os membros da Xunta de Centro	Apertura dun prazo de recollida de melloras ao 2º borrador de documento do PDE por parte dos membros da Xunta de Centro.	Equipo decanal (2)
20/06/2025 e 27/06/2025	Sesión do grupo de traballo. Recepción de suxestións e validación	O grupo de traballo valora e discute as achegas recibidas. Integra as que considera oportunas.	Grupo de traballo (2).
30/06/2025	Aprobación	Debate final e aprobación do PDE.	Comisión de Calidade. Xunta de Centro.